

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE INVESTIGADOR/A DISTINGUIDO/A NO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO (IDIS).

CONTENIDO

1.	INTRODUCCIÓN	2
2.	OBJECTO	2
3.	ENTIDADE CONVOCANTE, CONTRATANTE E DE ADSCRIPCIÓN.....	3
4.	MODALIDADE CONTRACTUAL E RÉXIME XURÍDICO	3
5.	XORNADA, DEDICACIÓN, LUGAR DE TRABALLO E RETRIBUCIÓN	4
6.	FINALIDADE E FUNCIÓNS	5
7.	PLAN CIENTÍFICO E OBXECTIVOS.....	5
8.	REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN	6
9.	MÉRITOS VALORABLES.....	6
10.	SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN	7
11.	ADMISIÓN E SUBSANACIÓN.....	8
12.	ÓRGANO DE SELECCIÓN	8
13.	PROCEDEMIENTO DE AVALIACIÓN E SELECCIÓN.....	8
14.	RESOLUCIÓN E PUBLICIDADE	9
15.	COMPATIBILIDADE, DISPOÑIBILIDADE E CONFLITOS DE INTERESES	9
16.	FORMALIZACIÓN DO CONTRATO	10
17.	SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA.....	10
18.	RÉXIME ÉTICO, CONFIDENCIALIDADE E PROPIEDAD DE RESULTADOS	11
19.	PROTECCIÓN DE DATOS	11
20.	NORMATIVA APLICABLE E IMPUGNACIÓN	12
21.	APLICACIÓN	12

1. INTRODUCCIÓN

O Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) ten entre os seus obxectivos o impulso da investigación biomédica de excelencia, da investigación clínica e translacional, da innovación, da transferencia de coñecemento e da mellora da práctica asistencial, mediante a integración e coordinación de capacidades científicas, sanitarias e universitarias.

Como institución acreditada co selo *HR Excellence in Research*, outorgado pola Comisión Europea, o IDIS desenvolve a súa política de recursos humanos de acordo cos principios da Carta Europea do Persoal Investigador e do Código de Conduta para a Contratación de Persoal Investigador, promovendo procesos de selección abertos, transparentes e baseados no mérito, así como medidas dirixidas á atracción, ao desenvolvemento e á retención do talento investigador.

Neste marco, o IDIS considera estratéxico o impulso da excelencia investigadora, a internacionalización das súas actividades científicas, a atracción e retención de talento e o fortalecemento das súas capacidades de transferencia de coñecemento, para o cal resulta fundamental reforzar o liderado científico mediante a incorporación dunha persoa investigadora de recoñecido prestixio, con capacidade acreditada para dirixir un programa científico singular, coordinar equipos e redes de investigación, captar financiamento competitivo, promover a translación dos resultados á práctica clínica e contribuír á formación e consolidación do talento investigador.

De conformidade co artigo 23 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), como entidade xestora do IDIS e entidade empregadora, convoca o presente proceso selectivo consonte os principios de publicidade, concorrência, mérito, capacidade, igualdade e adecuación ao perfil científico e funcional do posto.

A utilización da denominación institucional do IDIS nesta convocatoria responde á adscrición científica e funcional do posto. Para todos os efectos xurídicos, laborais, orzamentarios, de Seguridade Social e de exercicio das facultades empresariais, a entidade convocante e contratante será a FIDIS.

2. OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto a selección e contratación dunha persoa investigadora de recoñecido prestixio para liderar e desenvolver un programa científico singular no ámbito da investigación clínica e translacional, adscrito ao IDIS.

Esta actuación enmárcase no Eixe 1 (Capital Humano) do Plan Estratéxico do IDIS 2023-2027 e responde especificamente ao *Plan de fomento da atracción e retención do talento*, como instrumento para fortalecer as capacidades científicas da institución mediante a incorporación e retención de persoal investigador de excelencia.

A persoa seleccionada desenvolverá a súa actividade integrada no grupo de investigación do IDIS cuxa liña científica resulte máis adecuada á súa traxectoria, especialización e programa de investigación, co fin de garantir a mellor adecuación entre o seu perfil científico e a estrutura organizativa do Instituto, favorecendo a xeración de sinerxías, o liderado científico e o desenvolvemento de iniciativas de investigación de alto impacto.

A contratación formalizarase mediante a modalidade de investigador/a distinguido/a prevista no artigo 23 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, atendendo á singular cualificación científica, á experiencia de liderado e á relevancia estratéxica das funcións encomendadas.

3. ENTIDADE CONVOCANTE, CONTRATANTE E DE ADSCRIPCIÓN

A convocatoria será aprobada e tramitada pola FIDIS, que formalizará o contrato de traballo, aboará as retribucións, asumirá as obrigas laborais e de Seguridade Social e exercerá as facultades inherentes á súa condición de empregadora.

A persoa seleccionada quedará adscrita funcionalmente ao IDIS e desenvolverá as súas funcións en coordinación coa Dirección Científica e cos órganos, áreas, grupos, servizos e unidades que se determinen, sen que esta adscripción lle atribúa ao IDIS personalidade xurídica propia nin a condición de empregador.

A prestación de servizos realizarase nas instalacións de calquera das entidades integrantes do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), e o centro principal de traballo poderá determinarse en función das necesidades organizativas e da actividade investigadora que se vaia desenvolver.

A adscripción científica realizarase ao grupo de investigación do IDIS que presente unha maior adecuación á traxectoria, especialización e programa científico da persoa seleccionada, mediante resolución da Dirección Científica do IDIS, unha vez formalizada a contratación e de acordo coas necesidades organizativas e estratéxicas do Instituto.

4. MODALIDADE CONTRACTUAL E RÉXIME XURÍDICO

A relación laboral formalizarase mediante un contrato de investigador/a distinguido/a ao abeiro do artigo 23 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, destinado a persoas de recoñecido prestixio que se encarguen da dirección de centros, instalacións ou equipos de investigación como investigador/a principal.

O contrato terá unha duración inicial dun (1) ano, por tratarse dun programa científico suxeito a avaliación anual con posibilidade de prórroga, logo da avaliación favorable do desempeño e da continuidade do programa científico, de conformidade coa normativa aplicable e coas dispoñibilidades organizativas e orzamentarias da entidade. A avaliación constitúe un elemento para valorar a eventual prórroga do contrato, sen xerar por si soa dereito ningún a esta.

O contrato rexeráse pola Lei 14/2011, polo texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, pola normativa aplicable ás fundacións do sector público autonómico, pola presente convocatoria e polas cláusulas do contrato.

A duración, a xornada, a retribución, os obxectivos, o sistema de avaliación e as demais condicións específicas serán as establecidas na presente convocatoria e incorporaranse ao contrato de traballo.

A relación laboral poderá extinguirse polas causas previstas na normativa laboral aplicable e, de ser o caso, polas causas especificamente pactadas no contrato conforme o artigo 23 da Lei 14/2011.

5. XORNADA, DEDICACIÓN, LUGAR DE TRABALLO E RETRIBUCIÓN

A contratación realizarase a xornada completa, cun réxime de dedicación plena ao desenvolvemento das funcións e dos obxectivos asociados ao posto, sen prexuízo das actividades docentes, científicas, de transferencia de coñecemento ou de colaboración institucional que resulten compatibles coa normativa aplicable e contén, de ser o caso, coas autorizacións que procedan.

A distribución da xornada e o réxime de presenza adaptaranse ás necesidades derivadas da actividade investigadora, da dirección científica e da xestión do programa de investigación, de conformidade coa normativa laboral e coas normas internas de organización da FIDIS.

O centro principal de traballo estará situado nas instalacións do IDIS cedidas polo Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, sen prexuízo de que, por razóns inherentes ao desenvolvemento do programa científico, a persoa contratada poida desenvolver actividades de investigación, coordinación, representación institucional, formación ou transferencia de coñecemento noutros centros e instalacións do IDIS ou das entidades que o integran, así como efectuar desprazamentos nacionais e internacionais relacionados coas súas funcións.

A retribución anual bruta será de 61.627,66 euros. Adicionalmente, a persoa contratada poderá percibir un complemento variable vinculado ao cumprimento dos obxectivos fixados para o posto, cuxa contía poderá alcanzar ata o 15 % da retribución bruta anual. A percepción do devandito complemento estará condicionada á avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos establecidos conforme o sistema de avaliación aplicable na Fundación. Os obxectivos definiranse ao inicio de cada período de avaliación e estarán relacionados coa execución do plan científico, a captación de financiamento, a produción científica, a transferencia de coñecemento e os demais indicadores de desempeño que resulten aplicables ao posto.

6. FINALIDADE E FUNCIÓNS

A persoa seleccionada asumirá, baixo a súa responsabilidade científica, as funcións que se determinen no contrato e, en particular, as seguintes:

- Dirixir, como investigador/a principal, o programa científico singular obxecto da convocatoria.
- Definir e desenvolver a estratexia científica do programa, as súas liñas prioritarias, obxectivos, indicadores e resultados esperados.
- Liderar e coordinar equipos multidisciplinares de investigación clínica, translacional, básica, epidemiolóxica e de innovación.
- Impulsar proxectos de investigación orientados á prevención, ao diagnóstico, ao tratamento, ao seguimento e á mellora dos resultados en saúde.
- Promover a integración da investigación coa práctica clínica e a implementación asistencial de resultados validados.
- Captar financiamento competitivo de ámbito autonómico, estatal, europeo e internacional, así como promover colaboracións público-privadas compatibles coa misión institucional.
- Coordinar ou participar en redes, consorcios, plataformas e alianzas científicas nacionais e internacionais.
- Impulsar a produción científica de excelencia, a publicación de resultados e o posicionamento internacional do IDIS.
- Promover a innovación, a valorización, a protección e a transferencia de resultados, en coordinación coas unidades competentes.
- Dirixir, formar e mentorizar persoal investigador, incluído persoal predoutoral, posdoutoral, clínico-investigador e perfís emerxentes.
- Contribuír á planificación estratéxica científica do IDIS no ámbito da súa competencia.
- Representar científicamente o programa e, cando sexa designado/a, o IDIS ou a FIDIS en foros, redes e proxectos.
- Elaborar informes periódicos de actividade, resultados, financiamento, impacto e grao de cumprimento dos obxectivos.
- Cumprir as normas sobre integridade científica, bioética, protección de datos, confidencialidade, propiedade intelectual e industrial, prevención de riscos laborais e bo goberno.

Desenvolver calquera outra función compatible coa modalidade contractual e coa finalidade do posto.

7. PLAN CIENTÍFICO E OBXECTIVOS

A persoa candidata deberá presentar unha memoria de actuación que permita valorar a calidade, viabilidade, orixinalidade, impacto e encaixe institucional da súa proposta. O plan deberá estruturarse, polo menos, nos seguintes eixes:

- **Eixe 1.** Dirección e desenvolvemento do programa científico.
- **Eixe 2.** Investigación clínica e translacional e implementación asistencial.

- **Eixe 3.** Captación de financiamento, redes e internacionalización.
- **Eixe 4.** Formación, mentoría, innovación e transferencia.

A memoria deberá incluír obxectivos, actividades, indicadores, fitos, cronograma, recursos necesarios, riscos e entregables verificables previstos para os doce (12) primeiros meses de execución do contrato.

A memoria presentarse conforme o modelo normalizado que se incorpore como anexo á presente convocatoria.

8. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas candidatas deberán reunir, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade ou cumprir os requisitos legais para traballar en España.
- Ter capacidade funcional para o desempeño das funcións.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo dunha Administración pública nin atoparse inhabilitado/a para emprego ou cargo público, cando resulte esixible.
- Estar en posesión do título de doutor/a. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá acreditarse a súa equivalencia ao nivel académico de doutor/a conforme a normativa española ou atoparse a dita equivalencia en tramitación. Valorarase a obtención de sexenios, acreditacións académicas e demais recoñecementos vinculados á actividade investigadora.
- Acreditar unha traxectoria investigadora de recoñecido prestixio e un perfil científico consolidado equivalente a R4 *—Leading Researcher—* ou nivel comparable.
- Acreditar experiencia relevante en investigación clínica, translacional ou de innovación.
- Acreditar capacidade de liderado científico, dirección de equipos ou programas e captación de financiamento competitivo.
- Cumprir as condicións de dedicación, dispoñibilidade, compatibilidade e ausencia de conflito de intereses esixibles.
- Non incorrer en prohibición legal ou convencional para contratar coa FIDIS.

9. MÉRITOS VALORABLES

Valoraranse especialmente os seguintes méritos, de acordo co baremo do Anexo I:

- a) Producción científica, calidade e impacto das publicacións.
- b) Posición de autoría e contribucións científicas especialmente relevantes.
- c) Índice h, citas e impacto da produción científica.
- d) Sexenios de investigación, acreditacións académicas, premios, distincións e demais recoñecementos vinculados á actividade investigadora.

- e) Dirección de grupos, servizos, unidades, programas, redes, plataformas ou estruturas científicas, así como dirección de teses de doutoramento, formación e mentoría de persoal investigador.
- f) Participación como investigador/a principal ou coordinador/a en proxectos competitivos nacionais e internacionais.
- g) Participación e liderado en redes científicas, sociedades, consorcios, comités ou consellos asesores de recoñecido prestixio.
- h) Captación de financiamento público e privado para investigación e innovación.
- i) Experiencia internacional e capacidade para establecer alianzas estratéxicas.
- j) Experiencia en investigación clínica, ensaios, cohortes, rexistros, guías clínicas, implementación de resultados en saúde e transferencia á práctica clínica.
- k) Participación en actividades de innovación, patentes, licenzas, valorización, emprendemento, alianzas e colaboración público-privada.
- l) Calidade, viabilidade, impacto e adecuación do plan científico presentado.

10. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude a través do formulario habilitado no portal de convocatorias da páxina web do IDIS. (<https://www.idisantiago.es/convocatorias/>).

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria.

A documentación poderá presentarse en castelán ou galego.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Formulario de solicitude en liña.
- Documento de identidade ou equivalente.
- Currículo actualizado en formato CVN-FECYT e, de ser o caso, resumo executivo.
- Documentación acreditativa de estar en posesión do título de doutor/a, dos sexenios de investigación, documento acreditativo da participación en investigación clínica, acreditacións académicas e premios.
- Memoria do plan científico e de actuación conforme o Anexo II.
- Declaración responsable de actividades públicas e privadas, dispoñibilidade, compatibilidade e conflitos de intereses conforme o Anexo III.
- Declaración sobre a percepción ou non dunha pensión de xubilación e, de ser o caso, documentación acreditativa da súa compatibilidade co traballo.

Poderase requirir calquera outra documentación acreditativa dos requisitos e méritos alegados ou necesaria para verificar o encaixe xurídico, ético, orzamentario, laboral ou científico da candidatura en calquera momento do proceso selectivo.

11. ADMISIÓN E SUBSANACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección da FIDIS publicará a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión e do prazo de emenda. Transcorrido o devandito prazo, aprobarase a relación definitiva.

A relación de persoas admitidas publicárase na páxina web do IDIS, e a dita publicación producirá os efectos de notificación ás persoas interesadas.

Se a solicitude non reunise os requisitos esixidos ou a documentación presentada estivese incompleta, requirirase a persoa interesada para que, no prazo de tres (3) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, de non facelo, se terá por desistida da súa solicitude.

Finalizado o prazo de emenda e examinada a documentación presentada, a Dirección da FIDIS aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará igualmente na páxina web do IDIS (<https://www.idisantiago.es/noticias/>).

12. ÓRGANO DE SELECCIÓN

A avaliación corresponderá a unha Comisión de Selección de composición colexiada, integrada por tres (3) persoas con competencia científica e técnica suficiente.

A composición respectará unha presenza equilibrada de mulleres e homes, sempre que resulte posible, e as persoas integrantes deberán actuar con imparcialidade, confidencialidade e independencia. A Comisión estará integrada por:

- A persoa titular da Dirección Científica do IDIS, que exercerá a Presidencia.
- Unha persoa investigadora externa, que actuará como vogal.
- A persoa responsable de Recursos Humanos da FIDIS, que actuará como secretario/a, con voz e voto.

Esta Comisión será designada pola Dirección da FIDIS.

13. PROCEDEMIENTO DE AVALIACIÓN E SELECCIÓN

O procedemento desenvolverase nas seguintes fases:

1. Comprobación do cumprimento dos requisitos de participación.
2. Valoración curricular e dos méritos documentados.
3. Avaliación do plan científico e de actuación.
4. Entrevista e defensa do plan ante a Comisión de Selección.
5. Proposta motivada de contratación.
6. Resolución do proceso.

A Comisión poderá solicitar informes externos, aclaracións ou documentación complementaria, sempre que isto non supoña a incorporación extemporánea de novos méritos nin altere a igualdade entre as candidaturas. Os informes terán carácter facultativo e non vinculante.

A proposta deberá estar motivada e reflectida en acta, con indicación da puntuación obtida en cada apartado.

Para poder ser proposta para a contratación, a persoa candidata deberá obter unha puntuación mínima de [70 puntos sobre 100] e obter, polo menos, o 50 % da puntuación prevista na memoria científica.

En caso de empate na puntuación final, este resolverase mediante decisión motivada da Comisión de Selección, atendendo aos seguintes criterios:

- Maior puntuación na memoria científica.
- Maior captación de financiamento competitivo.
- Entrevista.

Se persiste o empate, atenderase ao mellor encaixe estratéxico da candidatura cos obxectivos institucionais do IDIS.

A convocatoria poderá declararse deserta cando ningunha candidatura alcance o limiar mínimo ou cando non se acredite suficientemente a idoneidade científica, a viabilidade do plan ou o encaixe institucional, xurídico ou orzamentario.

A Comisión poderá propoñer a constitución dunha lista de reserva, integrada polas persoas candidatas que, tras superar a puntuación mínima establecida, non resulten finalmente seleccionadas, para o seu eventual chamamento en caso de renuncia, imposibilidade de formalizar a contratación ou extinción anticipada da relación laboral durante a vixencia da convocatoria.

14. RESOLUCIÓN E PUBLICIDADE

A resolución identificará a persoa seleccionada, a puntuación obtida e, de ser o caso, a relación de reserva. A adxudicación non producirá efectos laborais ata a formalización do contrato pola FIDIS.

A publicación realizarase respectando a normativa de protección de datos e evitando a difusión de datos persoais innecesarios.

15. COMPATIBILIDADE, DISPOÑIBILIDADE E CONFLITOS DE INTERESES

A persoa seleccionada deberá declarar todas as actividades públicas e privadas, cargos, participacións, colaboracións, relacións profesionais e calquera outra circunstancia susceptible de afectar á súa dedicación, independencia ou ausencia de conflito de intereses.

A formalización do contrato quedará condicionada á inexistencia de incompatibilidade e, cando proceda, á obtención previa da autorización de compatibilidade esixible. A persoa contratada deberá comunicar calquera modificación posterior das circunstancias declaradas.

A contratación realizarase en réxime de dedicación plena ao desenvolvemento das funcións inherentes ao posto, sen prexuízo da realización daquelas actividades docentes, científicas, académicas, de transferencia de coñecemento, divulgación, participación en órganos científicos, avaliación, asesoramento ou colaboración institucional que resulten compatibles coa normativa aplicable e que, cando sexa preceptivo, fosen previamente autorizadas.

16. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A persoa proposta deberá achegar a documentación orixinal ou autenticada que se lle requira e acreditar o cumprimento de todos os requisitos. A falta de achega, a falsidade documental ou a imposibilidade xurídica de formalizar o contrato por causa imputable á persoa seleccionada determinarán a perda do dereito, logo da audiencia da persoa interesada.

A formalización quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e á obtención dos informes, autorizacións ou validacións internas e externas que resulten esixibles.

O contrato de traballo deberá formalizarse no prazo máximo de quince (15) días hábiles desde a notificación da resolución de adxudicación ou desde o momento en que se cumprisen todos os requisitos necesarios para a súa formalización, salvo causa debidamente xustificada apreciada pola FIDIS.

En caso de renuncia da persoa seleccionada con anterioridade á formalización do contrato ou de imposibilidade sobrevida para a súa contratación por causa non imputable á FIDIS, a entidade poderá propoñer a contratación da seguinte persoa candidata por orde de puntuación, sempre que exista unha lista de reserva vixente e se manteñan as condicións que motivaron a convocatoria. Na súa falta, poderá declararse deserto o proceso selectivo.

17. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA

A actividade será obxecto de seguimento periódico mediante informes e avaliacións baseados nos obxectivos e indicadores previamente definidos. A avaliación terá por obxecto comprobar o cumprimento do plan científico, o impacto dos resultados, a captación de recursos, a evolución do equipo e o retorno institucional.

As avaliacións respectarán os principios de obxectividade, contradición, transparencia e trazabilidade. Os seus efectos deberán ser coherentes coa natureza e duración do contrato e coa lexislación laboral aplicable.

O seguimento e a avaliación corresponderán á Dirección Científica do IDIS, que poderá solicitar o asesoramento do Comité Científico Externo do IDIS. Levaranse a cabo ao remate do período inicial de doce (12) meses e servirán de base para valorar o cumprimento dos obxectivos establecidos e, de ser o caso, a procedencia da prórroga do contrato.

A avaliación realizarase atendendo ao grao de cumprimento dos obxectivos e fitos previstos no plan científico, ao desenvolvemento das actividades de investigación e liderado científico, á captación de financiamento competitivo, á produción científica e ao seu impacto, ao establecemento de colaboracións e redes de investigación nacionais e internacionais, ás actividades de formación, mentoría, innovación e transferencia de coñecemento, así como ao cumprimento dos restantes indicadores e entregables definidos na memoria científica aprobada.

Os resultados da avaliación teranse en conta para valorar a continuidade do programa científico e, de ser o caso, a prórroga do contrato, sen prexuízo das facultades que lle correspondan á FIDIS como entidade empregadora e do disposto na lexislación laboral e nas restantes bases da presente convocatoria.

18. RÉXIME ÉTICO, CONFIDENCIALIDADE E PROPIEDADE DE RESULTADOS

A persoa seleccionada deberá cumprir a normativa e os procedementos internos aplicables en materia de integridade científica, bioética, protección de datos, confidencialidade, propiedade intelectual e industrial, prevención de riscos laborais, transparencia e bo goberno.

As actividades que impliquen datos de saúde, mostras biolóxicas, participación de seres humanos, ensaios clínicos ou utilización de animais quedarán condicionadas ás autorizacións e aos ditames preceptivos.

Os resultados, datos, invencións, desenvolvementos e demais produtos derivados da actividade rexeranse pola normativa aplicable, polas políticas internas da FIDIS e do IDIS e polos acordos específicos que correspondan.

19. PROTECCIÓN DE DATOS

Só se publicarán os datos persoais imprescindibles para garantir a transparencia do proceso, conforme os principios de minimización e limitación da finalidade.

Os datos persoais recollidos serán tratados conforme o Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos ante a persoa delegada de protección de datos da FIDIS.

A información adicional e detallada sobre o tratamento de datos persoais, incluídos os datos de contacto da persoa responsable do tratamento e, de ser o caso, da persoa delegada de protección de datos, poderá consultarse na Política de privacidade da FIDIS, dispoñible en: [[política de privacidade](#)].

20. NORMATIVA APLICABLE E IMPUGNACIÓN

A convocatoria rexerase pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación; polo Estatuto dos Traballadores; pola normativa aplicable ás fundacións do sector público autonómico; pola normativa orzamentaria e de incompatibilidades que proceda; e polas restantes disposicións aplicables.

Os actos de trámite cualificados ditados pola Comisión de Selección poderán ser obxecto de reclamación ante a propia Comisión no prazo de tres (3) días hábiles desde a súa publicación. A Comisión resolverá as reclamacións antes de elevar á Dirección da FIDIS a proposta definitiva de contratación.

A resolución da Dirección da FIDIS que poña fin ao proceso selectivo esgotará o procedemento interno de selección e poderá ser impugnada polas persoas interesadas ante a xurisdición social competente, nos prazos e cos requisitos establecidos na Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

21. APLICACIÓN

A presente convocatoria foi aprobada por Resolución da Dirección da Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), o 9 de setembro de 2026, no exercicio das competencias que ten atribuídas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Isabel Lista García
Directora da Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de
Santiago de Compostela (FIDIS)